



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás dez horas do doce de decembro de dous mil dezanove, reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María de los Ángeles Buján Burgo, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Nuria Vázquez Argerey, Don Enrique Barreiro Sánchez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Ángeles Pilar López López, Don Juan Ramón Varela López e Dona Nerea Campo Fariñas.

Non asiste a concelleira Dona María Ángeles Martínez Martínez.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte e un de outubro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada o vinte e un de outubro do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- SUBSTITUCIÓN DE CARGOS REPRESENTATIVOS LOCAIS.- Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta ao Pleno do Concello do escrito presentado coa data 31 de outubro pola concelleira Dona María Ángeles Martínez Martínez, polo que renuncia como concelleira. Á vista do disposto no art. 182 da Lei 5/85, de 19 de xuño (Régime Electoral Xeral) e art. 9.4 do R.D 2568/88, de 28 de novembro, así como da instrución ditada pola Xunta Electoral Central de 10 de xuño de 2003, sobre substitución de cargos representativos locais, nos casos de vacante por falecemento, incapacidade ou renuncia, o Pleno do Concello tomará coñecemento da mesma, remitindo certificación do acordo á Xunta Electoral.

Cumprindo o disposto nas disposicións anteriormente citadas, o Pleno do Concello:

- Toma coñecemento da renuncia da concelleira Dona María Ángeles Martínez Martínez que nas eleccións locais celebradas en maio do actual, foi elixida concelleira pola formación Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE)
- A efectos de que pola Xunta Electoral Central se proceda á substitución da mesma, remitarase certificación do presente, xunto coa lista pola que foi elixida a concelleira que renuncia ao seu cargo, estimando que xa que a devandita formación nas eleccións locais de maio do actual obtivo un acta de concelleiro, sen que ata a presente renuncia houbera constancia de variación na lista, estímase que procede cubrir a vacante ao número dous da devandita lista Dona Lorena Pérez Morado, xa

que ata o momento non hai constancia nas oficinas municipais de renuncia á proclamación de electo.

3.- CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2018.- Dáse conta ao Pleno do expediente tramitado en orde á aprobación da conta xeral do orzamento do exercicio económico de 2018. En cumprimento do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) someteuse previamente ao preceptivo informe da Comisión Especial de Contas (na sesión do 24 de outubro) e con posterioridade, cumprimentouse o trámite de información pública mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 249 de 30 de outubro, sen que no prazo establecido se presentasen reclamacións, nin observacións ao respecto.

Pola Alcaldía pídese ao Secretario que faga unha exposición sobre a conta xeral e a proposta de acordo. Polo Secretario, expónse que de un xeito resumido, a Conta Xeral é reflexo da xestión económica e patrimonial da entidade durante o exercicio. Na memoria da mesma, refírese aos órganos de goberno con competencias decisorias, á xestión indirecta dos servizos. Ao respecto facer constar que se está coa tramitación de algún deles, instando a elaboración de pregos de cláusulas para outros que se deben sacar a licitación á maior brevidade que sexa posible, tendo en conta o maior nivel de esixencia na tramitación dos expedientes, publicidade e libre concorrência, segundo o disposto na lei de contratos. Tamén se fai referencia a que non hai operacións de crédito pendentes, así como os movementos ao longo do exercicio no inmovilizado material, a xestión orzamentaria, coas modificacións de crédito levadas a cabo desde a aprobación do orzamento. Non figuran na mesma acredores pendentes de aplicar ao orzamento. Tamén se refire aos reparos realizados no exercicio na función de control interno, segundo figuran nas resolucións e acordos adoptados, das que se debe informar ao Pleno do Concello, no exercicio da súa función de control e fiscalización, segundo o disposto no Texto Refundido da Lei de facendas Locais. Engadir que foron trasladados pola Intervención ao Consello de Contas, mediante a aplicación informática, coa data maíor do actual. Atenden unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións. A maioría dos realizados, refírense á omisión dos trámites que deberon cumprirse con anterioridade. Outros foron con efectos suspensivos, constando as correspondentes resolucións e acordos en orde ao recoñecemento e pago.

Na conta tamén se reflexan os dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago, a execución dos proxectos de gasto e os gastos con financiación afectada, segundo axudas doutras administracións públicas, así como o remanente de tesourería e o resultado orzamentario. Conclúe a memoria, dicindo que con posterioridade ao peche do exercicio, aprobouse un expediente de recoñecemento extraxudicial de unha relación de facturas de 2018, que foron presentadas no rexistro da entidade no 2019. É práctica habitual nas administracións e véñense admitindo pola xurisprudencia, ultimamente con matizacións e divisións ao respecto, xa que vai contra o principio de especialidade temporal. Ao respecto a Intervención ven recordando que as administracións deben actuar con rigor nos actos que dean lugar a obrigas económicas e disposición de gastos para o concello. Conclúese dando lectura á proposta de acordo, así como ás cifras resultantes do estado de remanente de tesourería e de remanente de crédito.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Á vista do expediente tramitado e das consideracións ao respecto, de que non se desexan facer intervencións, seguidamente procedeuse á votación. O Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- Prestar aprobación á Conta Xeral do Presuposto para o exercicio de 2018, no exercicio da función de control e fiscalización á que se refire o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais). Os resultados da conta son os seguintes:

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA:

COMPONENTES	IMPORTES ANO	
1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		439.376,78
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		960.683,70
- (+) do Orzamento corrente	648,426,50	
- (+) de Orzamentos cerrados	309.146,81	
- (+) de operacións non orzamentarias	3.110,39	
3. (-) OBRIGACIÓN PENDING DE PAGO		266.659,53
- (+) do Orzamento corrente	215.923,20	
- (+) de Orzamentos cerrados	0,00	
- (+) de operacións non orzamentarias	50.736,33	
4. (+) PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN		0,00
- (-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
- (+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	1.133.400,95	
II. Saldos de dubidoso cobro	206.001,92	
III. Exceso de financiación afectada	5.460,10	
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	921.938,93	

ESTADO DE REMANENTE DE CRÉDITO:

- 1.- Orzamento definitivo 4.962.839,00.-
- 2.- Obrigacións recoñecidas netas 3.515.286,03.-
- 3.- **Remanentes de Crédito (1-2) 1.447.552,97.-**
- 4.- Total R. Crédito comprometidos incorporables 409.758,19.-
- 5.- **Total R. Crédito non comprometidos (3-4) 1.037.794,78.-**

- En cumprimento do disposto na vixente Lexislación Reguladora das Facendas Locais, remitírase copia da conta e do expediente tramitado ao Consello de Contas, a efectos da súa fiscalización.

Unha vez que se procede á votación no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

4.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.- Dáse conta ao Pleno da proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e

obras. O obxecto da modificación é establecer a bonificación do 95% do custe da licenza de obra de calquera empresa que instale a súa actividade na capitalidade do Concello, en orde a fomentar o asentamento de maior tecido empresarial no Concello, considerando unha medida de apoio desde a administración local, en orde a establecer o seu negocio en Friol, xerando maior movemento económico, creando postos de traballo directos e indirectos e contribuíndo tamén a atraer poboación, fundamental para a supervivencia dos concellos do interior. Ademais modificarase tamén o prazo en relación coas bonificacións aprobadas en 2011 e 2015 para as licenzas de obra de naves no parque empresarial, prorrogando o seu efecto por outros catro anos mais.

Á vista do disposto na vixente lexislación de réxime local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), e considerando que é competencia do Pleno a aprobación da determinación dos recursos tributarios, sen que polos señores concelleiros se desexe plantexar ningunha cuestión ao respecto o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- A aprobación inicial da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, en relación coas bonificacións do imposto propostas, quedando a mesma coas bonificacións aprobadas segundo o texto que se transcribe a continuación, como **ANEXO**.
- Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios, así como na sede electrónica do concello por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo.
- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presente, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que o acordo definitivo e a Ordenanza Fiscal se publique no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto no art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde-Presidente proclamouse o acordo adoptado.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.

Art. 1.- Fundamento e Réxime Xurídico.- 1.- De conformidade co previsto no art. 100 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito impositivo do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívrase ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a súa expedición da licencia ou a actividade de control corresponda ao concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas clases de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras de edificios tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e sumidoiros.
- f) Obras de cemiterios
- g) Instalacións destinadas de xeito permanente ao servizo económico dunha vivenda ou explotación.
- h) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra urbanística ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa,

Art. 2.- Suxeitos pasivos.- 1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003 (Lei Xeral Tributaria) propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras, e nos demais casos, considerárase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra (que será quen soporte os gastos ou custes da súa realización).

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licencias, ou presentaren a declaración responsable ou comunicación previa, ou realicen as construcións, instalacións e obras, senón foran os propios contribuíntes.

Art. 3º.- Base imponible, cuota e devengo.- 1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendendo por tal o custe de execución material da obra. Non forma parte en ningún caso da base imponible, o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coas construcións, instalacións e obras, nin os honorarios profesionais, nin o beneficio empresarial nin calquera outro concepto que non integre estritamente o custe da execución material.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar a base imponible o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame será o 2 por 100.

4.- O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza, ou non se presentase a declaración responsable ou comunicación previa.

Art. 4.- Bonificacións.- De conformidade co establecido no art. 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, establécense sobre as cotas do imposto as seguintes bonificacións:

- a) Unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras con sede social en Friol, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, a solicitude do suxeito pasivo, por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.
 - Pola creación de postos de traballo:
 - Ata 5 postos de traballo: 25%.
 - De 5 a 10 postos de traballo: 50%.
 - De 10 a 15 postos de traballo: 75%
 - Máis de 15 postos de traballo: 95%
 - A todas as empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade no Polígono Industrial de Friol, nun período de catro anos (a contar desde a entrada en vigor da modificación da ordenanza) cunha porcentaxe do 95% (o máximo permitido legalmente) do

importe do imposto de construción da correspondente nave industrial. As empresas e industrias accederán á bonificación, previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos, despois de finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento deste compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas.

- A todas as empresas e industrias que se instalen e inicien a súa actividade na capitalidade do Concello, bonificación do 95% do custe do imposto de construción en orde a fomentar o asentamento de maior tecido empresarial no Concello, considerando unha medida de apoio desde a administración local, en orde a establecer o seu negocio en Friol, xerando un maior movemento económico, creando postos de traballo directos e indirectos e contribuir tamén a atraer poboación, fundamental para a supervivencia dos concellos do interior. As empresas e industrias accederán á bonificación, previa aceptación dun compromiso de mantemento da actividade por un período mínimo de 2 anos, despois de finalizar a construción nun prazo máximo de 5 anos. O Concello será o encargado de velar polo cumprimento deste compromiso e reclamará a cantidade bonificada a aquelas empresas ou industrias que incumpriran as súas obrigas.

A declaración de interese ou utilidade municipal, aprobarase pola Xunta de Goberno, en canto competencia do Pleno, que se delega na Xunta de Goberno por razóns de operatividade, xa que é a Xunta de Goberno o órgano competente para a concesión da licenza de obra.

O importe das bonificacións non poderá exceder do 95%, polo que non serán acumulables as bonificacións pola instalación de industrias no parque empresarial, na capitalidade do concello e as que se conceden pola creación de postos de traballo.

En relación cos postos de traballo a crear:

- A contratación deberá realizarse por un período mínimo de un ano, quedando obrigada a empresa a xustificar as contratacións mediante a presentación das nóminas e documentos de cotización correspondentes; a xustificación deberá facerse no prazo máximo de tres anos desde a recepción da notificación do acordo de concesión da licenza.
 - Poderá utilizarse calquera xeito de contratación vixente na normativa laboral. Nos casos de que se opte por contratos a tempo parcial, a correspondente bonificación reducirase proporcionalmente.
 - Quedarán excluídos os solicitantes que reduciran o seu nivel de emprego por causas non xustificadas ante a autoridade laboral, no ano anterior á data do contrato para o que se pretende a axuda.
 - Non se terán en conta para a bonificación os contratos que estiveran realizados con persoas que estiveran vinculadas laboralmente á empresa no ano anterior á data do contrato para o que se pretende ter en conta, salvo os supostos de transformación en indefinidos.
 - Quedan excluídas as contratacións que afecten ó cónxuxe ou a familiares ata o segundo grado de parentesco de consanguinidade ou afinidade do empresario ou membros dos órganos de administración da empresa, así como os realizados con estes últimos.
 - Quedan excluídas desta bonificación as empresas de traballo temporal.
- b) Unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes a vivendas de protección oficial, sempre que se produza unha creación de mais de 6 postos de traballo, debendo os mesmos cumprir cos requisitos establecidos con anterioridade.

Art. 5.- Xestión e recadación.- 1.- Unha vez se presente a declaración responsable ou comunicación previa, ou se conceda a licenza preceptiva ou cando, non habéndose solicitado,



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

concedido ou denegado aínda a licenza preceptiva, ou non se houbera presentado a declaración responsable ou comunicación previa, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impoñible:

- a) En función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fora visado polo Colexio Oficial correspondente, cando constitúa un requisito preceptivo.
- b) Noutro caso a base impoñible determinarase polos técnicos municipais, de acordo co custe estimado.

2.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custe real e efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso a base impoñible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que lle corresponda.

3.- De conformidade coa normativa de aplicación, en canto a ordenanza reguladora establece a posibilidade de concesión de bonificacións, nas que a súa efectividade depende do ulterior cumprimento polo contribuínte de requisitos esixidos para elo polo Concello, pola administración municipal farase figurar no oportuno documento o importe de liquidación que tería que esixirse de non mediar o beneficio fiscal, o que se poderá facer constar por notas marxinais de afección nos Rexistros públicos.

Quedando a bonificación supeditada ao ulterior cumprimento de requisitos esixidos para elo polo concello, polo beneficiario da bonificación presentarase, no prazo máximo establecido, a documentación acreditativa xustificativa dos supostos polos que se concederan as bonificacións. No caso de non presentarse en prazo, pola administración municipal procederase a esixir o importe de liquidación de non mediar o beneficio fiscal, que de non satisfacerse en voluntaria, providenciarase de apremio, cos gastos derivados da execución forzosa.

Polos beneficiarios das bonificacións deberanse aceptar expresamente as condicións que veñan impostas pola ordenanza, polo acordo de concesión da bonificación, así como a normativa reguladora vixente.

4.- A inspección ou recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral de Recadación, así como nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Art. 6. - Infraccións e sancións.- No relativo a cualificación das infraccións tributarias así como a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicáraselle o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Art. 7. - Normativa de aplicación.- No que non estea previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 5ª, da sección 3ª, do capítulo II do Título II da referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, concordantes e complementarios da mesma e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.- A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o doce de decembro de 2019 (en canto modificación dos textos aprobados polo Pleno nas sesións celebradas o 27 de marzo de 2014 e con posterioridade o 24 de setembro de 2015), entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a súa aplicación a partires do seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Unha vez rematada a votación, no senso anteriormente indicado, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á NATALIDADE.

Dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía referida á modificación da Ordenanza Reguladora das Axudas á Natalidade, que se somete á aprobación do Pleno, en canto órgano competente para elo. Ao respecto facer constar que o Concello, considerando e interese público o apoio as familias, circunscribíndose, dentro do mesmo o fomento da natalidade ou adopción, prestou aprobación á ordenanza en sesión plenaria do 13 de decembro de 2018. Unha vez tramitada segundo o disposto na normativa de aplicación, o acordo plenario e o texto da mesma, publicouse no Boletín Oficial da Provincia.

O fundamento e o fin da ordenanza é incentivar os novos nacementos de fillos de familias que residan no termo municipal. Na mesma regúlase o réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e da adopción neste Concello, coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal. No referente aos requisitos para a concesión das subvención, no art. 5 da mesma dicíase que os ingresos da unidade familiar non pode superar 3.5 veces o SMI, sinalado para o ano correspondente no que se efectúe a solicitude de axuda. Non obstante, á vista de solicitude presentada que excedía dos ingresos previstos, considerouse que se trata de fomentar a natalidade, non debendo deixar sen a axuda a aqueles que con maior nivel de ingresos, se decidan a ter fillos.

Por elo, propúxose a modificación da mesma, suprimindo o requisito de referencia, así como polo tanto a obriga de presentación da documentación á que se refire no art. 7. f) *Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificación negativa de Facenda*) e art. 7. g) *Poderán solicitarse xustificantes económicos de tódolos membros da unidade familiar, referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións ou calquera documentación que corresponda a cada caso e xustifique a situación económica.* A referencia á declaración da renda, tamén se suprime no Anexo de solicitude da axuda. O Pleno, na sesión do 28 de marzo do actual, acordou a modificación da Ordenanza. Con posterioridade, unha vez concluído o trámite de información pública, procedeuse segundo o disposto na normativa de aplicación, o acordo plenario e o texto da mesma, publicouse no Boletín Oficial da Provincia.

Proponse unha nova modificación, no senso do incremento da coantía da axuda, que quedará da coantía de 1.000€, ademais da entrega dun lote de produtos de primeira necesidade, que terá un valor máximo de 200 €.

Á vista do disposto na vixente Lexislación de Réxime Local, considerando que é competencia do Pleno a súa aprobación, sen que polos señores concelleiros se desexe plantexar ningunha cuestión ao respecto o Pleno do Concello en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- A aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora das axudas á natalidade, que coa modificación aprobada queda coa redacción que se transcribe a continuación como Anexo.
- En cumprimento do disposto no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios así como na sede electrónica do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar os expedientes e



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, no devandito prazo.

- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse, o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que os acordos definitivos e o texto da Ordenanza se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos artigos 49 e 70.2 do Lei reguladora das bases de réxime local.

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN NO CONCELLO DE FRIOL.-

Art. 1.- Fundamento.- A presente Ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o art. 2 e o art. 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, outorga a este Concello. O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece que os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello considera de interese público o apoio as familias, circunscribíndose, dentro do mesmo o fomento da natalidade ou adopción. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza que pretende incentivar os novos nacementos de fillos de familias que residan no termo municipal.

Art. 2.- Obxecto.- O obxecto desta Ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e da adopción neste Concello, coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal.

Art. 3.- Natureza da axuda.- As axudas que se outorguen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Art. 4.- Beneficiarios.- Serán beneficiarios das subvencións rexidas pola presente ordenanza:

- a) Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias mono parentais, que vaian ter fillos.
- b) Os adoptantes de nenos menores de 18 anos.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do fillo/a.

Art. 5.- Requisitos para a concesión da subvención.- Dará lugar ao recoñecemento da axuda, cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice por los beneficiarios sinalados no artigo anterior a partir de 1 de xaneiro de 2019.

Para elo será requisito imprescindible, que residan no Concello con carácter efectivo e acreditados neste Concello alomenos dous anos de antigüidade un dos proxenitores, ou adoptantes, no caso de casados ou parellas de feito, ou no seu caso de familias

monoparentais. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e inscrición no padrón de habitantes, así como o libro de familia.

O menor recién nado ou adoptado, terá que ser empadroado por primeira vez neste concello e convivir cos solicitantes no mesmo enderezo. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento e inscrición no padrón de habitantes. No caso de que algún dos proxenitores se atope traballado no estranxeiro ou noutra comunidade, non figurando empadroado neste concello, deberá acreditalo con copia do correspondente contrato de traballo.

Será requisito para o pago efectivo da axuda, que as persoas beneficiarias sinaladas nos apartados anteriores continúen residindo no Concello, e que en todo caso, o recién nado fora empadroado por primeira vez no Concello. No caso de adopción, que no prazo dun mes a contar dende a resolución xudicial, sexa inscrito no padrón, asimismo no enderezo do adoptante.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou si a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Friol, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

Art. 6.- Coantía das axudas e imputación do gasto.- Cada nacemento que teña lugar, ou cada adopción que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nesta ordenanza, será obxecto dunha axuda de 1.000€. Ademais engadirase un lote de produtos de primeira necesidade, por un valor máximo de 200€.

Considerarase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor de garda e protección do menor e os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no enderezo familiar ata a data da solicitude.

Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. No caso de partos múltiples terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello, cuxa existencia vincularase á aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade.

Non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou diminuír o importe global e en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

Art. 7.- Procedemento de concesión.- As axudas solicitaranse ao Sr. Alcalde-Presidente, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, dentro dos meses seguintes ao nacemento ou adopción. Deberá presentarse conforme ao



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

modelo que figura como anexo na presente ordenanza, no que expresamente se declarará que se cumpre con tódolos requisitos establecidos na presente ordenanza. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.
- b) Fotocopia do libro de familia.
- c) Certificado de nacemento do recién nacido expedido polo Rexistro Civil, no caso de nacementos.
- d) Copia autenticada da resolución xudicial no caso de adopción.
- e) Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello alomenos dous anos, dun dos proxenitores, así como de inscrición no padrón de habitantes dos beneficiarios co recém nacido ou adoptado/a. Indicarase a data de empadramento do recém nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadroados durante un ano mais, salvo causas que xustificasen o cambio.
- f) Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade separación ou divorcio no seu caso.
- g) Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social ou autorización ao órgano municipal competente no seu caso. No Concello comprobarase de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.
- h) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- i) Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais. Si a solicitude non reúne tódolos requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requerirá á/ao interesada/o para que os subsane no prazo máximo de dez días, indicándolle que se non o fixera aterase por desistida/o da súa solicitude, previa Resolución que deberá ditarse nos termos previstos na Lexislación Reguladora de Procedemento Administrativo.

A través do instrutor do expediente e unha vez completada a documentación formularase a correspondente proposta de resolución, debidamente motivada. As axudas concederanse pola Xunta de Goberno Local. As resolución ou acordos de concesión da axuda faranse por orden cronolóxica de solicitude soamente poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

- a) Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda.
- b) Presentar a solicitude fora do prazo establecido na Ordenanza.
- c) Estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

As solicitudes resolveranse no prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sen que se houbera notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimado a solicitude de concesión por silencio administrativo.

Art. 8.- Abono das axudas.- O pago da axuda concedida efectuarase do seguinte xeito:

- a) O lote de produtos de primeira necesidade entregárase, nun primeiro momento, despois do nacemento do neno/a, con dereito á obtención da axuda.
- b) Un pagamento do 75% da axuda concedida mediante transferencia bancaria á conta que indicara o beneficiario da solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.
- c) Un pagamento do 25% da axuda cando se acredite a residencia efectiva de un ano desde o nacemento ou adopción.

Art. 9.- Compatibilidade das axudas.- As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

Art. 10.- Deberes dos beneficiarios.- A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

Art.11.- Responsabilidades.- Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda, ou no seu caso de ter percibida xa a mesma, á devolución cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

Art.12.- Reintegro das Axudas.- O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases conleva o reintegro das axudas concedidas. No caso de non cumprir co disposto, no referente a permanecer un ano máis empradroadado, desde o nacemento ou adopción, dará lugar ao reintegro da axuda. No caso de causas xustificadas para elo, o reintegro limitarase ao 50% da axuda concedida.

O réxime xurídico do reintegro das axudas, será o establecido no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Art. 13.- Infraccións e Sancións.- Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Art. 14.- Réxime Xurídico.- A normativa que regula a concesión das axudas á natalidade, no que non estea previsto nestas bases, será a establecida na Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Para os nados dende o 1 de xaneiro de 2020, serán beneficiarios das axudas, coa coantía incrementada por acordo do Pleno de 12 de decembro de 2019. En todo caso, deberá esperarse a que conclúa a tramitación e aprobación definitiva do expediente de modificación da Ordenanza, de conformidade coa normativa de aplicación, para o devengo



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

da axuda, no caso de que o nacemento ou adopción fose de data anterior á conclusión do mesmo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcurra o prazo previsto no art. 62.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 do devandito texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DE FRIOL

SOLICITANTE

<u>Nome e Apelidos</u>	<u>D.N.I.</u>	<u>Teléfono</u>

DIRECCION PARA NOTIFICACIÓNS

<u>Rúa/lugar</u>	<u>Número</u>	<u>Parroquia</u>	<u>Correo Electronico</u>

DATOS DO FILLO

<u>Nome e Apelidos</u>	<u>Data de nacemento</u>

DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:

- Copia compulsada de N.I.F., pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.
- Fotocopia do libro de familia.
- Certificado de nacemento do recién nado expedido polo Rexistro Civil
- Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.
- Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello durante alomenos dous anos dun dos proxenitores, así como de inscrición padroal dos beneficiarios co recién nacido ou adoptado, indicando a data de empadramento do recién nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadroadado durante un ano mais, salvo causas que xustificasen o cambio
- Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.
- Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización do órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.
- Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos na Ordenanza Municipal do Concello de Friol, Reguladora da Concesión de Axudas para o Fomento da Natalidade do Concello de Friol, aprobada polo Pleno do Concello, para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Friol, a ____ de ____ de ____

Unha vez rematada a votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás dez horas e sete minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.